




**A/A DIRECCIÓN DE RRHH ÁREA SANITARIA STGO
DIRECTORA DE ENFERMARÍA ÁREA SANITARIA STGO**

Os delegados de **CIG- SAÚDE COMPOSTELA** abaixo asinantes , e con enderezo a efectos de notificación en **PLANTA 0 H. Clínico** queremos denunciar que en unidades como Raios , Paliativos e Laboratorio todas do Hospital Provincial , os traballadores non recibiron a pertinente formación nin a información en materia do Plan Formativo de Actuación sobre o **COVID-19**. Feito que consideramos moi grave, en especial na Unidade de Paliativos onde a día de hoxe teñen 2 casos de contaxio entre os traballadores e 4 con síntomas no seu domicilio.

Como e ben sabido , a falta de información/formación é motivo de moita preocupación e malestar entre o persoal das unidades , xa que a día de hoxe o problema non é só de como actuar co paciente, senón que tamén cos traballadores das propios servizos onde van realizar probas, os cales son mobilizados de unhas unidades a outras ou de un hospital a outro .Queremos lembrarllas que a día de hoxe no H. Provincial o índice de contaxios do COVID-19 entre os traballadores resulta alarmante tendo en conta que segundo o Plan estratéxico este hospital ia quedar como **LIMPO**. Polo que

SOLICITAMOS

- Que na maior brevidade reciban a formación pertinente.
- Que se tomen as medidas oportunas para evitar o contaxio entre os propios traballadores , evitar que acudan ó posto de traballo ante a mínima sospeita de contacto.
- Que unha vez que comunique un posible contaxio , se axilicen as medidas preventivas como identificar ó persoal que estivo de quenda, co fin de evitar que no caso de que resulte positivo se estenda entre o resto dos traballadores.


Antonio Ramos Benito
delegado Cig -Saúde


Encarna Brión
delegada CIG-Saúde